



PLAN DE APOIO O PROCESO DE ENSINO-APRENDIZAXE: MEDIDAS DE ATENCIÓN A DIVERSIDADE

I.E.S. SAN ROSENDO-MONDOÑEDO

DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

ÍNDICE

1.INTRODUCCIÓN

2. OBXECTIVOS

3. MEDIDAS DE ATENCIÓN A DIVERSIDADE:

3.1.MEDIDAS DE CARÁCTER PREVENTIVO

- ❑ PLAN DE ACOLLIDA A ALUMNADO DE PRIMARIA
- ❑ PLAN DE ACOLLIDA A ALUMNOS INMIGRANTES
- ❑ AVALIACIÓN INICIAL
- ❑ OPTATIVIDADE
- ❑ ORIENTACIÓN EDUCATIVA E PROFESIONAL
- ❑ TITORÍA

3.2.MEDIDAS ORDINARIAS

- ❑ REFORZO EDUCATIVO
- ❑ DESDOBRES

3.3.MEDIDAS DE CARÁCTER EXTRAORDINARIO

- ❑ GRUPO DE ADQUISICIÓN DE LINGUAS
- ❑ GRUPO DE ADAPTACIÓN DA COMPETENCIA CURRICULAR
- ❑ ADAPTACIÓN CURRICULAR INDIVIDUAL
- ❑ PROGRAMA DE DIVERSIFICACIÓN CURRICULAR
- ❑ PROGRAMAS DE INICIACIÓN PROFESIONAL

4. COORDINACIÓN E RESPONSABILIDADES DO PROFESORADO

5. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DAS MEDIDAS ADOPTADAS

6. RECURSOS DISPOÑIBLES

1. INTRODUCCIÓN

Considerando a etapa educativa de Secundaria, como unha etapa onde se encontran alumnos con diferentes capacidades, motivacións, intereses, así como alumnos/as con diferentes culturas e idiomas, xa que este centro ten escolarizado alumnos inmigrante. Partindo das dificultades con que se encontra o profesorado para dar resposta educativa as diferentes variables, o departamento de Orientación desempeña en colaboración co equipo docente e directivo a función de favorecer a atención a diversidade, tendo en conta as posibilidades do centro. Para isoponse en marcha un Plan de Apoio o Proceso de Ensinanza Aprendizaxe, centrado en Medidas :preventivas, ordinarias e extraordinarias.

Para a posta en marcha de dito plan é preciso ter en conta os recursos do entorno e ser conocido e asumido por todo-os membros do centro, así como a legislación vixente: Orden do 30 de xullo de 2007 que regula os programas de diversificación curricular, Decreto 133/2007 que regula a Eso, Orden do 20 de febreiro de 2004 que regula as medidas específicas o alumnado inmigrante.

2. OBXECTIVOS

- Desenvolar medidas destinadas a prevención e detección temprá dos problemas de aprendizaxe e outras n.e.e dos alumnos.
- Evitar fenómenos indeseables de abandono , fracaso e inadaptación escolar.
- Facilitar a integración e o aprendizaxe das linguas oficiais do noso centro: castelán e galego do alumnado inmigrante.
- Determinar pautas de actuación educativas para dar resposta as dificultades de aprendizaxe e de adquisición das linguas..
- Colaborar cos profesores na prevención e detección de problemas de aprendizaxe, así como na planificación e realización de medidas precisas para dar resposta a ditas dificultades.
- Participar e asesorar como X. Departamento de Orientación sobre medidas preventivas, organizativas e extraordinarias establecendo os criterios para a súa posta en marcha, a través da C.C.P. que a súa vez informará os departamentos didácticos.

3. MEDIDAS DE ATENCIÓN A DIVERSIDADE

3.1.- MEDIDAS DE CARÁCTER PREVENTIVO:

PLAN DE ACOLLIDA DE ALUMNOS /AS DE PRIMARIA

(VER NO PAT)

O paso dos alumnos de primaria a secundaria representa un cambio importante para eles e para as familias. Significa o aumento do número de profesores por curso, o cambio do estilo de traballo dos profesores, a adaptación a novos compañeiros. Procuraremos que os procesos de educación escolar non sufran discontinuidades o que exigen un esforzo de coordinación entre os centros implicados.

Actuacións

- Reunión do **equipo directivo** do Instituto e orientadora **con pais** de alumnos de 6º de Ed. Primaria e con **alumnos** dos colexios adscritos con el fin de explicarlles as características do Instituto.
- **Visita** de estos alumnos e familias o Instituto.
- Reunión do departamento de orientación do IES cos **dos colexios adscritos** e os titores de 6º para **recoller información** dos alumnos que previsiblemente se van a incorporar o Instituto.
- Una vez comenzado o curso, **reunión cada titor, por niveis, cos alumnos** para realizar presentacións e explicar a organización do centro, normativa, características da educación secundaria obligatoria ...
- O longo do mes de Outono **reunión do equipo directivo e titores coas familias** dos alumnos de ESO para informarlles dos aspectos máis relevantes da etapa: organización do Instituto, horarios de atención as familias, normas básicas, horario de clases, actividades extraescolares, función do Departamento de Orientación, etc.
- Análisis por parte da **Orientadora** do Instituto dos **informes remitidos** polo centro de Primaria . Entrevista coas **familias de alumnos con necesidades educativas especiais**.
- Realización de **avaliacións psicopedagógicas** e entrevistas por parte del Dpto de Orientación para pedir/comunicar información a pais e profesores.
- Aplicación, polo profesor/a de cada área das **probos iniciais de avaliación do nivel de competencia curricular**.
- **Detección e prevención** por parte do titor/a e profesores do alumno de posibles dificultades durante o proceso de transición, comunicandollo a orientadora do centro en caso necesario.
- **Evaluación “cero”**. O equipo educativo realiza unha avaliación inicial dos alumnos do seu grupo.

- **Aplicación de medidas de atención a la diversidad:** Entrevista coa familia, revisión das materias optativas elixidas, adaptar o programa o grupo de alumnos, elaboración de adaptacións curriculares individuais, organización de grupos de apoio...

PLAN DE ACOLLIDA A ALUMNOS INMIGRANTES (VER NO PLAN DE CONVIVENCIA)

Actuacións

Os alumnos extranxeiros que se vaian incorporando o longo do curso escolar contarán con un profesor/a de acollida e un compañeiro de acollida.

- **Profesor/a de acollida.** É a persona que se responsabiliza, durante as primeiras semanas, do alumno, constituindo durante ese tempo a persona de referencia no seu proceso de integración no centro.
- **Alumno encargado da acollida.** E un alumno voluntario que, de forma temporal, se encarga de facilitar o alumno inmigrante o horario do curso, acompañao nos cambios de aula, introduceo na relación con compañeiros/as e con profesores.

✓ Primeiras actuacións co recién chegado. Protocolo de acollida:

Unha **boa acollida** da seguridade, autoestima e a menudo é a base sólida para o éxito escolar.

Respecto as familias

- Recibir as familias acompañadas da educadora familiar do concello e informarlles sobre o funcionamento, organización e servizos do centro así como da responsabilidade que teñen para garantir a asistencia dos seus fillos mentras están en idade de escolarización obligatoria.
- Recabar información relativa a su situación: integrantes da unidade familiar, escolarización anterior do alumno, expectativas de futuro.

Respecto o alumnado

- É fundamental partir do bagaxe persoal de cada alumno.

Respecto o profesorado

- Todo o equipo docente intervirá nas actuacións na aula de forma coordinada co titor dende o respecto, a empatía e actitudes positivas que facilitan a adaptación do alumno.
- Todo o equipo docente é profesor de lingua dende as distintas áreas.
- Na aula fomentarán as agrupacións heteroxéneas e o traballo cooperativo.

Respecto a organización do centro

- Todo o persoal (non só docente senon tamén os conserxes, persoal de secretaría,

etc.) participará no proceso de acollida.

- Colocar símbolos claros e rótulos en diferentes idiomas que axuden os alumnos a recoñecer os lugares comuns (aulas, aseos, dirección, secretaría, biblioteca. ..)

✓ **Valoración inicial.**

O departamento de Orientación e os diferentes departamentos realizarán unha avaliación inicial para valorar o nivel de competencia curricular e si fora preciso acudir a solicitar a intervención do EQUIPO ESPECIFICO DE LUGO.

✓ **Adscripción a un nivel e grupo**

- A adscripción definitiva realizarase en función da idade, do resultado das probas de avaliación inicial, o historial académico e calquer outro criterio que redunde no seu beneficio. Según a lexislación vixente pode retrasarse o alumno a dous cursos inferiores dependendo do desfase curricular que presente entre outros datos (idade do alumno, características físicas etc.)
- Durante un tempo mantense certa flexibilidade para posibles cambios de grupo o de materias optativas, sempre atendendo a criterios pedagóxicos.
- É moi importante que cada profesor faiga unha valoración inicial do nivel de coñecementos previos do alumno no que respecta a súa asignatura.

AVALIACIÓN INICIAL

Para levar a cabo unha prevención e intervención de problemas de aprendizaxe no alumnado na Educación Secundaria Obrigatoria, ao inicio da etapa o profesorado efectuará unha avaliación inicial dos alumnos/as que lle permita coñecer o grao de desenvolvemento alcanzado por aqueles nos aspectos básicos da aprendizaxe e de dominio de contidos das distintas áreas.

¿Quén a levará a cabo?

Esta avaliación levarana a cabo os profesores/as de cada grupo-clase, informando e coordinándose co profesor/a-titor/a, orientadora, e na mesma terase en conta:

- A información que se posúa sobre a escolarización e o proceso de aprendizaxe do alumno na Educación Primaria.
- Medidas de atención a diversidade que se levaron a cabo en primaria
- A información obtida por medio da aplicación dos diferentes instrumentos de avaliación.

Consideramos que unha boa avaliación inicial, do alumnado que deberemos atender, é fundamental de cara a un óptimo desenvolvemento do proceso de ensino-aprendizaxe, xa que logo nos permitirá coñecer con que alumnado nos imos enfrentar, en especial naqueles casos nos que existan necesidades educativas especiais.

¿Cómo se levará a cabo?

E para a realización da mesma consideramos oportuno recurrir ás seguintes

estratexias e ou instrumentos:

- Revisión do Expediente Académico do alumno/a (en concreto, do informe individualizado de final de etapa/curso correspondente á Educación Primaria e educación secundaria).
- Revisión do informe remitido si é o caso o departamento de orientación.
- Entrevistas cos pais/nais dos alumnos/as (xa sexan individuais e/ou colectivas).
- Establecemento de contactos co profesor/a-titor/a de 6º curso de Educación Primaria, sempre e cando sexa posible, ou orientadoras de primaria.
- Aplicación de probas específicas de avaliación inicial (elaboradas polos Departamentos Didácticos correspondentes) sobor dos coñecementos que o alumnado posúe en relación coas diferentes áreas.
- Entrevistas cos propios alumnos/as (xa sexan individuais e/ou colectivas).
- Documentación e información do departamento de orientación
- Etc...

En calqueira caso, condideramos que toda avaliación inicial debará recoller, polo menos, datos relacionados con:

- O ambiente sociofamiliar do alumno/a.
- Antecedentes académicos.
- Hábitos de estudio.
- Métodos de traballo na aula.
- Competencias do alumno/a.
- Detección de dificultades na aprendizaxe.
- Integración do alumno/a.

En todo caso, o Departamento de Orientación do centro facilitará ao profesorado (en especial aos profesores/as-titores/as) aqueles instrumentos que se consideren máis oportunos para levar a cabo a devandita avaliación inicial. Así como a información que sexa precisa dos informes psicopedagóxicos dos alumnos/as

OPTATIVIDADE.

O Decreto 133/2007 polo que se establece o currículo da Educación Secundaria Obrigatoria determina que xunto ás áreas de carácter obrigatorio, o currículo comprenderá tamén materias optativas. Ditas materias terán a finalidade de responder aos diferentes intereses, motivacións e necesidades do alumnado, ampliar a súa orientación, facilitar a súa transición á vida activa e contribuir ao desenvolvemento das súas capacidades.

Oferta educativa de comúns e optativas na educación secundaria

1º ESO	2º ESO
<ul style="list-style-type: none">▪ LINGUA GALEGA E LITERATURA▪ LINGUA CASTELÁ E LITERATURA▪ LINGUA ESTRANXEIRA▪ CC SOCIAIS, XEOGRAFÍA E Hª▪ MATEMÁTICAS	<ul style="list-style-type: none">▪ LINGUA GALEGA E LITERATURA▪ LINGUA CASTELÁ E LITERATURA▪ LINGUA ESTRANXEIRA▪ CC SOCIAIS, XEOGRAFÍA E Hª▪ MATEMÁTICAS

<ul style="list-style-type: none"> ▪ EDUCACIÓN FÍSICA ▪ CC NATURALEZA ▪ EDUCACIÓN PLÁSTICA ▪ 2º LINGUA ESTRANXEIRA ▪ TITORÍA ▪ RELIXIÓN/ ATENCIÓN EDUCATIVA ▪ PROXECTO INTERDISCIPLINAR 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EDUCACIÓN FÍSICA ▪ CC NATURALEZA ▪ TECNOLOXÍAS ▪ MÚSICA ▪ TITORÍA ▪ RELIXIÓN/ ATENCIÓN EDUCATIVA ▪ EDUCACIÓN PARA A CIUDADANIA ▪ 2º LINGUA ESTRANXEIRA
<u>3º ESO</u>	<u>4º ESO</u>
<p>MATERIAS COMÚNS:</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ LINGUA GALEGA E LITERATURA ▪ LINGUA CASTELÁ E LITERATURA ▪ LINGUA ESTRANXEIRA ▪ CC SOCIAIS, XEOGRAFÍA E Hª ▪ MATEMÁTICAS ▪ CC NATURALEZA (BIOLOX E XEOLOX/ FÍSICA E QUIMICA) ▪ EDUCACIÓN FÍSICA ▪ EDUCACIÓN PLÁSTICA ▪ TECNOLOXÍAS ▪ MÚSICA ▪ TITORÍA ▪ RELIXIÓN/ ATENCIÓN EDUCATIVA <p><u>MATERIAS OPTATIVAS:</u> (ESCOLLER UNHA OPTATIVA)</p> <ul style="list-style-type: none"> ❖ 2ª LINGUA ESTRANXEIRA ❖ CULTURA CLÁSICA ❖ TALLER DE INICIATIVAS EMPRENDEDORAS ❖ PRÁCTICAS AGRARIAS 	<p>MATERIAS COMÚNS:</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ LINGUA GALEGA E LITERATURA ▪ LINGUA CASTELÁ E LITERATURA ▪ LINGUA ESTRANXEIRA ▪ CC SOCIAIS, XEOGRAFÍA E Hª ▪ MATEMÁTICAS ▪ EDUCACIÓN FÍSICA ▪ TITORÍA ▪ RELIXIÓN/ ATENCIÓN EDUCATIVA ▪ EDUCACIÓN ÉTICO- CIVICA ▪ <p><u>MATERIAS OBRIGADAS(ESCOLLER 3)</u></p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ BIOLOXÍA E XEOLOXÍA ▪ FÍSICA E QUIMICA ▪ EDUCACIÓN PLÁSTICA ▪ MÚSICA ▪ LATÍN ▪ INFORMÁTICA ▪ 2º LINGUA ESTRANXEIRA ▪ TECNOLOXÍA <p><u>OPTATIVAS (ESCOLLER 1)</u></p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ CULTURA CLASICA (NON CURSADA EN 3º) ▪ TALLER DE INICIATIVAS EMPRENDEDORAS (NON CURSADA EN 3º) ▪ CALQUERA DAS 8 MATERIAS OFERTADAS COMO OBLIGATORIAS. ▪ OPTATIVA OFERTADA POLO CENTRO

ORIENTACIÓN EDUCATIVA E PROFESIONAL.

A orientación levarase a cabo dende:

- a) O espacio de titoría, a nivel de aula.
- b) O Departamento de Orientación, a nivel de centro docente.
- c) E dende os Equipos Específicos de Orientación, a nivel provincial.

Por outra banda, os ámbitos de actuación da mencionada Orientación Educativa e Profesional serán tres:

- O apoio ao proceso de ensino-aprendizaxe.
- A acción titorial.
- E a orientación académica e profesional.

sendo os axentes destinatarios de dita actuación: o alumnado, o profesorado, os pais/nais dos alumnos/as e, a comunidade educativa en xeral.

TITORÍA.

A titoría e a figura do titor/a son da máxima actualidade, de tal forma que día tras día van recuperando unha imaxe non recoñecida no pasado.

Unha das mellores actuacións preventivas das dificultades de aprendizaxe, serían accións a desenrolar na acción tutorial:

- Coñecemento e seguimento persoal do alumnos: capacidades, intereses, motivación, dif. Académicas etc. Sempre coa coordinación do titor/a cos profesores que imparten o grupo.
- Coñecer a historia socio-familiar dos alumnos a través de entrevistas , onde se lles comunique as familias sobre o proceso educativo dos seus fillos.
- Dirixir e coordinarse nas sesións de avaliación co resto do profesorado para establecer criterios comúns sobre necesidades que poidan surxir.
- Ante a detección de dif. De aprendizaxe, coordinarse coa orientadora, para a realización da avaliación psicopedagóxica, para así detección das dificultades que presenta o alumno/a. Anteriormente o profesor-titor debe citar a familia, para informala, e dar o seu consentemento para a realización de probas psicopedagóxicas.

3.2. MEDIDAS ORDINARIAS

REFORZO EDUCATIVO.

Atendendo a lexislación vixente o **Reforzo Educativo** **podese definir coma “unha medida ordinaria de atención á diversidade que afecta a elementos non prescriptivos do currículo”**.

Estes elementos non prescriptivos son, en concreto, os que enumeramos a continuación, todos os cales se inclúen dentro do ámbito da metodoloxía:

- A secuencia de contidos.
- As formas e instrumentos de avaliación.
- A organización da aula.
- Os agrupamentos de alumnos/as.
- Recursos materiais e persoais.
-

¿A quen está dirixido?

Dito Reforzo Educativo **estará dirixido** a aqueles alumnos/as que, coa modificación dalgún ou varios dos elementos antes enumerados, poden seguir o proceso ordinario de ensino-aprendizaxe.

¿Cómo se levará a cabo?

Será levado a cabo en dúas modalidades diferentes:

- Polo profesor/a que imparte a área ou materia na que o alumno precise da medida de reforzo, co coñecemento do titor/a e coa colaboración e

asesoramento do Departamento de Orientación do centro escolar.

- Polos profesores de apoio fora da aula ordinaria, estes en colaboración e coordinación co profesor/a de área.

¿Onde quedará rexistrado?

O reforzo educativo debe quedar reflexado no expediente académico como RE, así como nos informes ás familias. Será preciso reflexa-lo xa que é un requisito para acceder a Diversificación curricular.

DESDOBRAMENTOS

Creemos que a creación de **REFORZOS GRUPAIS** pode ser unha alternativa máis para conseguir que estes alumnos/as reduzan o retraso acumulado respecto ao grupo para logo integralos neste. Entendemos, en todo momento, que non pretende ser unha medida discriminatoria senon un reforzo máis para axudar aos alumnos/as que presentan problemas para seguir o ritmo normal das clases.

¿Qué son os reforzos grupais?

Estes **desdobramentos transitorios**, están a facerse nas áreas de Lingua e Literatura Galega ou castelán, en Matemáticas, ou en Ciencias da Natureza e en Ciencias Sociais, Xeografía e Historia.

¿A quen van dirixidos?

Os destinatarios deste tipo de reforzos serán alumnos/as que se atopen nalgunha das seguintes situacións:

- Estar escolarizados no primeiro ciclo de ESO e presentar retraso escolar xeneralizado.

¿Cómo se organizan e se distribue o horario?

O alumnado poderá permanecer no reforzo educativo o 100% do horario semanal que lles corresponde ás áreas antes sinaladas, especialmente nas que posúen un carácter instrumental. Cando as circunstancias o aconsellen, nas áreas de Ciencias da Natureza e Ciencias Sociais, Xeografía e Historia,

Para a organización destes reforzos os centros educativos ateranse ao seguinte:.

- Os profesores/as do reforzo impartirán docencia nos grupos de referencia.
- Non haxa un número elevado de alumnos para poder levar a cabo unha tención máis individualizada.

¿Qué actuacións se levan a cabo para a posta en marcha de dita medida?

1. A Xefatura de Estudos deberá convocar unha reunión co Xefe/a do Departamento de Orientación e cos profesores/as-titores/as dos distintos grupos que conforman cada nivel da ESO. Nesta reunión realizarase a selección dos alumnos/as, así como a concreción das áreas previstas nos que cada un vai cursar total ou parcialmente, tendo prioridade as áreas de Lingua e Matemáticas.

2. Unha vez seleccionados os alumno/as, o profesor-titor/a elaborará, en colaboración co departamento de Orientación unha reunión cos alumnos/as,(a orientadora, xefe de estudos e titores) seleccionados e explicaselles que van a formar parte de dito reforzo ,e en que consiste.

4. Convocanse unha reunión os pais/nais ou titores/as legais dos alumnos/as para ser informados, a través do profesor/a-titor/a correspondente, Orientadora e xefatura de estudos;así como firmarán un papel onde xustifiquen que foron informados .

5. O equipo de profesores/as e o Departamento de Orientación deberá realizar un seguimento individualizado do alumno/a, o cal se concretará ao remate do curso escolar, indicando a efectividade desta medida así como a proposta da continuidade ou non da mesma.

6. Ao remate do curso, a Comisión de Coordinación Pedagóxica realizará a valoración desta medida de atención á diversidade, á vista dos informes dos Departamentos Didácticos, os cales serán o punto de referencia para propor a renovación, reaxuste ou supresión dos desdobres constituídos durante o curso.

Currículum:

Con carácter xeral, os alumnos/as que forman parte dos reforzos deberán ter os mesmos obxectivos, contidos e criterios de avaliación que o seu grupo de referencia. Adaptarase a secuencia de contidos, formas e instrumentos de avaliación, recursos materiais, organización da aula e dos alumnos.

Metodoloxía e avaliación:

Dado que o alumnado destes reforzos necesita un cambio metodolóxico substancial, este enfoque deberá ser en base a proxectos de traballo ou unidades didácticas nas que prime o carácter práctico e funcional dos contidos.

Para a elaboración dos criterios de avaliación do alumnado que reciba esta medida de apoio teranse en conta os criterios establecidos con carácter xeral para o grupo de referencia.

¿Cómo rexistrar esta medida?

En todo caso, a participación nos reforzos faráselles constar aos alumnos/as no seu expediente académico como Reforzo Educativo.

3.3.- MEDIDAS DE CARÁCTER EXTRAORDINARIO.

GRUPO DE ADQUISICIÓN DE LINGUAS

¿Qué é?

Baseandose na Orden 20 de febreiro de 2004 pola que se establacen as medidas de atención específica o alumnado procedente do estranxeiro .

Entendemos o grupo de adquisición de linguas como "agrupamentos flexibles cunha

atención individualizada nunha formación inicial nas linguas vehiculares do ensino, para a plena incorporación as actividades de aprendizaxe pertencentes ó curso no que se atope”. Esta medida vai dirixido ó alumnado que descoñeza ámbalas 2 linguas: castelán e galego

¿cómo se organiza?

- Máximo 1 trimestre, podese autorizar a ampliación do período por Inspección Educativa
- Horario semanal máixmo de pertenza o grupo son de 24 horas, permanecerá có grupo ordinario en materias de educación física, música, educación plástica e titoría.
- Profesorado encargado preferiblemente das especialidades de tipo lingüístico.

GRUPO DE ADAPTACIÓN DA COMPETENCIA CURRICULAR

¿Qué é?

Definense como “agrupamentos flexibles cunha tención individualizada, o progreso na competencia curricular para a súa incorporación o curso en que se atope”Esta medida é para alumnado estranxeiro cun desfase curricular de dous ou máis anos o que lle corresponde por idade.

¿cómo se organiza?

- Horario que coincida coas materias de carácter instrumental, non debe superar ás 10 horas semanais.
- O profesorado que imparta esta medida pode ser profesorado de diferentes departamentos con horario disponible e si ten horario disponible tamén poden ser os de pedagogía terapéutica ou de audición e linguaxe. Este profesorado debe acudir ás avaliacións pero as cualificacións correspondelle o profesorado do grupo ordinario.

ADAPTACIÓN CURRICULAR INDIVIDUAL.

Baseándonos no disposto na Orde do 6 de outubro de 1995 pola que se regulan as adaptacións do currículo nas ensinanzas de réxime xeral, entendemos que a **Adaptación Curricular Individual (ACI) se pode definir coma “unha medida extraordinaria de atención á diversidade que afecta a elementos prescriptivos do currículo”.**

Ditos elementos prescriptivos son os seguintes:

- Obxectivos.
- Contidos.
- Criterios de avaliación.

¿Cándo facer unha ACI e a quen?

Decidirase a conveniencia de elaborar unha ACI para un alumno/a determinado

unha vez esgotadas outras medidas ordinarias de intervención educativa. En calquera caso a elaboración e o desenvolvemento de dita adaptación, agás casos excepciónais, levarase a cabo no contexto educativo ordinario.

Dita ACI estará dirixida a aqueles alumnos/as que por diversas razóns educativas, sociais, culturais, por padecer déficit de calquera índole ou por posuír cualidades excepciónais, non poden seguir o proceso ordinario de ensino-aprendizaxe sen medidas de modificación esencial do curriculum de referencia.

¿Quén a elabora?

Será elaborada polo profesor/a que imparte a área ou materia na que o alumno/a precise da medida de adaptación, coa colaboración do departamento didáctico, co asesoramento do responsable da orientación educativa do centro e, se é o caso, de calquera outro profesional que participe na atención ao devandito alumno/a (profesor/a de Pedagogía Terapéutica, especialista en Audición e Linguaxe, ...).

¿Pasos a seguir para a posta en marcha?

1. Detección de dificultades de aprendizaxe e a continuación citar a familia, o profesor-titor, para informala da situación, así como dar a súa autorización para realizar probas psicopedagóxicas o alumno/a , e despois recoller os resultados obtidos nun informe psicopedagóxico, elaborado pola orientadora.
2. Reunión do xefe de estudos, orientadora,titor/a e profesores das áreas susceptibles de adaptación, para tomar a decisión da realización dunha ACI
3. Unha vez decidido, convocase os pais, para comunicarlle a decisión, e eles dar o seu consentemento, para levar a cabo dita medida educativa.
4. Elaboración da adaptación nas diferentes áreas, tendo como referente, os obxectivos xerais da etapa, programación etc, poderán pertenceren a outro curso ou etapa.
5. Unha vez elaborada remítese o servivio de Inspección Educativa, para a súa aprobación.
6. Realízase un seguimento de dita ACI, o remate de cada curso ou ciclo, para unha posible modificación, si fose ese o caso, débese volver a remitir a Inspección para a nova aprobación.

¿Onde se debe rexistrar?

E debido a que todo isto se deberá recoller no correspondente Documento Individual de Adaptación Curricular (DIAC), que estaría composta das seguintes partes:

DATOS PERSOAIS DO ALUMNO.	} Elaborado pola orientadora
DATOS FÍSICO E DE SAÚDE	
DATOS PSICOSOCIAIS	
DATOS DO CONTORNO SOCIO-FAMILIAR	
DATOS DO CONTORNO ESCOLAR	
PROFESIONAIS PARTICIPANTE	
RECUSOS HUMANOS E MATERIAIS.	

DATOS PEDAGÓXICOS:

PROGRAMACIÓN DAS ÁREAS ADAPTADAS: Elaborado polos profesores de área e xefes de departamento

Quedarán rexistrados nos seguintes documentos:

- Expediente académico como ACI
- Informe ás familias
- Libro de escolaridade

PROGRAMA DE DIVERSIFICACIÓN CURRICULAR.

(Orden do 30 de xullo de 2007/ DOGA 21 agosto 2007)

OBXECTIVO:

Mediante a adaptación significativa do currículo preténdese dar solucións a problemas detectados en alumnos de 3º ESO, con necesidades educativas especiais, tratándoos o máis axiña posible cunha adaptación de carácter extraordinario.

A finalidade derradeira é que estes alumnos poidan acadar os obxectivos xerais de etapa e o título de graduado en educación secundaria.

DESTINATARIOS:

- Presenten dificultades de aprendizaxe xeneralizadas, que lles colocan en risco de non alcanzar os obxectivos da etapa.
- Alumnado que recibiu medidas complementarias de reforzo educativo ou ACI.
- Mantén expectativas de obter o título de Graduado en Educación Secundaria, e existen posibilidades reais de logralo.
- Máximo 10 alumnos por programa

Para programas de dous anos:

- Ter cursado o 2º eso, non estar en condicións de promocionar o curso seguinte e xa repetise unha vez na etapa
- Tras repetir o 3º ESO non superalo
- Cursaron 3º ESO, non promocionaron.

Para programas dun ano:

- Cursaron 4º de ESO sin superalo e ter repetido xA unha vez na etapa

PERFIL DO ALUMNADO:

Os alumnos/as que se propoñan para ser incorporados ós programas de diversificación, coincidirán nas seguintes circunstancias:

- Que o alumno/a recibise en anos anteriores ou no mesmo ano medidas complementarias: reforzo educativo na aula ordinaria, ou polos profesores de apoio, agrupamentos específicos, ACI. E a súa vez estea reflexado no expediente académico do alumno.
- Dificultades xerais de aprendizaxe, non superadas coas medidas de reforzo empregadas, pero que amose:
 - Desexo de obter o título de ESO.
 - Interés e motivación para superalas súas dificultades.

- Aceptación voluntaria de incorporarse ó programa.
- Nivel de competencia baixo, ritmo de aprendizaxe lento.
- Problemas sociofamiliares que incidan no seu rendemento.

PROPOSTA DA REMISIÓN A INSPECCIÓN

- Proposta xustificada da súa implantación e informes do departamento de orientación.
- A duración do programa.
- Recursos materiais e humanos: profesorado e espacio.
- Profesores con destino definitivo que se responsabilicen das áreas específicas.
- Prazo antes do 30 de Xuño.

PROFESORADO QUE VAI IMPARTIR O PROGRAMA

As áreas específicas de **ámbito científico** , será un profesor do departamento de Ciencias da natureza, física e química ou matemáticas, e **lingüístico-social**, será dos departamentos de linguas galega , castelán, ou Ciencias sociais, xeografía e historia. A súa vez este profesores de ámbito formarán parte do departamento de Orientación. E serán titor/a do grupo de diversificación.

ESTRUCTURA DO PROGRAMA

AREAS		Nº DE HORAS	GRUPOS
1º ANO	2º ANO		
L. estranxeira(3) Área socio-linguística(9) Área científica(9) Tecnoloxías(3) Titoría(1)	L. Estranxeira (3) Área socio-lingüística(8) Área científica(8) Titoría(1) Tecnoloxías(3)	En 3º ESO- 25 h. En 4º ESO- 23h.	Grupo diversif. (max 10 alumnos)
optativa(2) Educación física(2) Educación plástica(2) Rel/atención educativa (1)	Ed. Física(2) Música(3) Optativa (3) Rel / atención educatival (1)	En 3º ESO- 7 h. En 4º ESO- 9 h.	Grupo aula

PASOS A SEGUIR NO PROCESO DE SELECCIÓN DO ALUMNADO

Os alumnos/as que poderían ser posibles candidatos a un programa de diversificación, levarase con eles reforzo educativo nas áreas que presenten dificultades, e si o longo do curso se ve que os resultados académicos non son satisfactorios, seleccionaranse ,si o considera a xunta de profesores, atendendo os criterios establecidos anteriormente.

PASOS A SEGUIR PARA A POSTA EN MARCHA DO PROGRAMA DE DIVERSIFICACIÓN

PROCESO	RESPONSABLES	INSTRUMENTOS	TEMPORALIZACIÓN
Proposta razoada de aqueles alumnos seleccionados para o programa de diversificación	Equipo de profesores, tutores, orientadora, etc.	-Modelo de proposta elaborado polo departamento de orientación, firmado polo titor/a e dirixido o xefe de estudos.	Sesión da 2ª avaliación
Evaluación psicopedagóxica e posteriormente realización do informe psicopedagóxico.	Profesores de área, tutores e orientadora.	-Escala de competencia curricular e estilo de aprendizaxe que serán cumprimentadas polo profesor de área. -Probas psicopedagóxicas que pasará a orientadora	Cumpliemento a finais da 2ª avaliación comenzo da 3ª.
Entrevista cos pais e o/a alumno/a	Orientadora, titor/a e xefe de estudos.	Guía da entrevista. E modelo de xustificación da información, recibida o alumno e pais, firmada por ambos.	O comenzo da 3ª avaliación.
Sesión de toma de decisións	Xefe de estudos, titor/a e orientadora.	Modelo de acta	Antes de finais de Maio
Elaboración do programa de diversificación	Departamentos didácticos, e profesores de ámbito de asesoramento do depa. orientación	Reunión de coordinación	Durante o mes de Maio e xuño

PROGRAMAS DE CUALIFICACIÓN PROFESIONAL INICIAL

DESTINATARIOS:

Alumnos/as maiores de 16 anos, cumpridos con anterioridade o 31 de decembro do ano que se inicia o programa, que non obtiveran o título da ESO.

Excepcionalmente poderá acceder un alumno/a con 15 anos sempre que cumpra ditos requisitos:

- Acordo dos pais e alumno/a
- Ter cursado 2º ESO, non estar en condicións de promocionar a 3º eso e ter repetido xa unha vez na etapa.
- Compromiso de cursar os módulos voluntarios
- Informe favorable do departamento de orientación

ESTRUCTURA DO PROGRAMA

MÓDULOS ESPECIFICOS: farase unha fase de prácticas nas empresas

MÓDULOS FORMATIVOS DE CARACTER XERAL:: desenvolver as competencias básicas para a transición do sistema educativo o mundo laboral.

MÓDULO VOLUNTARIOS: que conducen o título de eso, deben ser impartidos en centros da eso ou Educación de Adultos. Estes organizanse en tre ámbitos: ámbito da comunicación, social e científico-tecnolóxico.

MODALIDADES DE COMO OFERTA-LOS

MODALIDADE A: todos os módulos se imparten no centro educativo

MODALIDADE B: os módulos específicos se imparten nun centro educativo e os módulos formativos de carácter xeral e voluntarios noutro centro educativo.

MODALIDADE C: poden participar outras empresas ou institucións e os módulos voluntarios se impartan no centro educativo.

UN ANO MÁIS NO MESMO CURSO

Cando un alumno ou alumna permaneza un ano máis nun curso, deberá seguir medidas de reforzo ou adaptacións do conxunto do currículo do nivel no que permaneza, de xeito que en ningún caso se reproduzan as condicións educativas que presumiblemente provocaron os desaxustes detectados e se reforen ou recuperen as aprendizaxes nos que o alumno tivo dificultades.

A decisión final sobre a permanencia ou non no mesmo ciclo debe ir acompañada das medidas educativas no seu caso, dirixidas a contribuir a que o alumno alcance os obxectivos programados.

A decisión de promoción será adoptada de forma colexiada e atendendo a lexislación vixente

4. COORDINACIÓN E RESPONSABILIDADES DO PROFESORADO

Obxectivo de todos os profesionais que forman parte do equipo educativo debe ser común: Ofrecer a cada alumno a resposta que precisan ás necesidades que presenta (consideradas éstas como un continuo que vai de menor a maior especificidade), axudar na súa integración social e facilitarlle a que leve unha vida o máis autónoma posible.

Conseguilo require dunha grande actitude colaborativa que parte do coñecemento da responsabilidade de cada un podendo así concretar as parcelas profesionais para unha actuación multidisciplinar.

En relación directa coa diversidade do alumno presente nas nosas aulas as funcións de cada profesional son:

PROFESOR DA AULA ORDINARIA.

- O profesor /a de aula, titor e/ou especialista de área, é o que ten o alumno na súa aula, e polo tanto, o responsable de axudarlle a que acade os obxectivos establecidos con carácter xeral e responsable tamén de potenciar as capacidades do alumno. O titor será o encargado de coordinar todo o proceso, pero o/ a profesor /a, especialista ou non, é o responsable da elaboración e posta en práctica das medidas necesarias na súa aula e área concreta.
- Colaborar na elaboración dos diferentes documentos do proxecto educativo, aportando ideas, criterios e respostas á atención á diversidade.
- Elaborar a súa programación de aula xunto cos membros do departamento didáctico tendo en conta as características xerais e individuais dos seus alumnos seguindo as directrices deste plan.
- Participar con todo o equipo de profesores na resposta á diversidade.
- Partindo da avaliación inicial, e da psicopedagóxica se é o caso, da resposta concreta ás necesidades identificadas seguindo o proceso de menor a maior significatividade.

MESTRE ESPECIALISTA EN AUDIÇÃO E LINGUAXE (AL) E MESTRE ESPECIALISTA EN PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA (PT).

Son o nexos de unión entre o profesor de aula, alumno, pais, orientadora e profesionais relevantes na atención á diversidade no centro. Tendo en conta que o PT encargarase prioritariamente dos alumnos que presentan dificultades xeneralizadas de aprendizaxe e o de AL dos alumnos que presentan necesidades relacionadas coa comunicación e a lingua oral e escrita, as súas funcións son as seguintes:

- Atención docente directa aos alumnos con n.e.e.
- Coordinar co xefe/a de estudos as cuestións relacionadas coa educación e estancia no centro os alumnos con algún tipo de minusvalidez física, psíquica ou sensorial.
- Colaborar coa CCP na elaboración do plan de actuación respecto ao alumnado con n.e.e.
- Orientar ao profesorado que imparte docencia aos alumnos con n.e.e., a eles mesmos e a seus pais.
- Colaborar co profesorado na elaboración das AC, no seguimento e avaliación das mesmas.
- Outras funcións no ámbito do apoio ao alumnado con n.e.e.
- Valorar as necesidades educativas e desenrolar programas de intervención.
- Elaborar propostas do POA e do PAT.
- Participar no PEC do centro.
- Atención temperá e prevención de dificultades.
- Participar na Evaluación Psicopedagóxica e medidas de atención á diversidade.
- Apoio e asesoramento á comunidade educativa.
- Cooperar co EOE en programas de intervención.
- Promover a cooperación entre o centro e as familias.
- Establecer canles de comunicación con servizos e institucións.

A ORIENTADORA.

- É o último responsable da avaliación psicopedagóxica e da toma de decisións que se leven a cabo. Unha vez que se poña en marcha a medida de atención á diversidade decidida, o seu papel será, especialmente, o de coordinar todo o proceso e a todos os implicados.
- Coordinar a planificación e desenvolvemento das actividades de orientación académica e profesional a través do PAT e do POAP.
- Asesorar á Comisión de Coordinación Pedagóxica proporcionando criterios psicopedagóxicos e de atención á diversidade nos elementos que constitúen os proxectos curriculares.
- Colaborar na prevención e detección de problemas de aprendizaxe.
- Coordinar a avaliación psicopedagóxica cos profesores do alumnado que precisen a adopción de medidas educativas específicas ou extraordinarias, realizando o informe psicopedagóxico.
- Elevar propositos ó xefe de estudos para organiza-la docencia do alumnado con necesidades educativas especiais.
- Participar na planificación e desenvolvemento das medidas específicas e
- extraordinarias dirixidas aos alumnos que o precisen.
- Colaborar cos titores na toma de decisións de promoción final de ciclo e/ou etapa.
- Manter vieiros de colaboración con equipos, organismos, entidades e profesionais que actúen sobre o alumnado do Centro, para levar a cabo unha coordinación e seguimento o máis eficaz posible na consecución dos obxectivos propostos.

EQUIPO DIRECTIVO

- Con independencia das súas funcións xerais determinadas no Regulamento Orgánico dos Centros e precisadas no RRI, contemplamos:
- Promover e organizar os tempos necesarios para a aplicación deste plan.
- Coordinación con todo o equipo de profesores a través da Xefatura de Estudos
- Facilitar e habilitar os recursos humanos e materias dispoñibles para a atención individualizada do alumnado con necesidades específicas.
- Solicitar os recursos de orientación e intervención psicopedagóxica externos cando sexa necesario.
-

EQUIPO DE ORIENTACIÓN ESPECÍFICOS (EOES)

- Asesorar e apoiar ao departamento de orientación
- Colaborar co departamento de orientación na avaliación psicopedagóxica cando sexa preciso.
- Contribuír á formación especializada do departamento de orientación e do profesorado no ámbito das necesidades específicas que atenden.

5.SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DAS MEDIDAS ADOPTADAS

Todo o equipo de profesores participa no seguimento e coordinación.

A xefatura de estudos e do departamento de orientación convocarán unha reunión de coordinación xeral previa no primeiro mes de curso e outra a finais de maio.

Realizarase unha avaliación continua da consecución dos obxectivos propostos nos

plans de traballo individuais introducindo as medidas correctoras consecuentes coa evolución do alumnado.

A avaliación será realizada polo profesorado implicado nas sesións de coordinación e avaliación marcadas na PXA (inxeridas no PAT)

No boletín de información trimestral ás familias, informarase sobre o seu seguimento nas medidas de atención a diversidade. No caso de alumnos con adaptacións significativas os obxectivos estarán individualizados, igual que o seu grao de consecución.

6.RECURSOS DISPOÑIBLES

HUMANS:

- Profesora de AL/PT con 18 horas semanais
- Orientador con 24 horas semanais
- Profesores de reforzo para 1º ESO

ESPACIOS

- 2 Aulas específicas de apoio, e as necesarias para grupos flexibles, reforzos e desdobres.
- Os materiais didácticos necesarios para desenvolver axeitadamente o desenvolvemento do plan.